


Dado que co [novo protocolo COVID](#) todo o alumnado pode relacionarse tanto no exterior coma no interior; o equipo COVID establece as seguintes modificacións.

Recreo de mañá

Mes de maio e xuño .

O alumnado de Educación Infantil sairá acompañado do profesorado que imparta nesa sesión. Pode utilizar libremente as zonas ata o areeiro pequeno (marcado perímetro en vermello no mapa que segue).



En Educación Infantil as entradas despois do recreo realizaranse libremente polas portas correspondentes de xeito ordenado. O profesorado de garda de recreo da zona de El colaborará para que o alumnado entre sen aglomeracións.

Elimínase a instrución anterior que indicaba que o profesorado debía ir a buscalos ao patio para subir de novo ás aulas.

O alumnado de Educación Primaria sairá acompañado do profesorado que imparta nesa sesión ata a zona onde comeza o espazo de recreo de Educación Primaria. pode utilizar libremente as zonas dende o areeiro pequeno ata a pista traseira. Dado que o pavillón agora é zona de recreo a/s persoa/s de garda desa zona repartiranse para facer garda no pavillón.

En Educación Primara as entradas despois do recreo realizaranse libremente (non teñen que entrar por orde de clase) polas portas correspondentes de xeito ordenado. O profesorado de garda de recreo da zona de EP colaborará para que o alumnado entre sen aglomeracións. O profesorado de garda da pista traseira comprobará que non queda ningunha alumna ou alumno nas zonas exteriores e pavillón. Elimínase a instrución anterior que indicaba que o profesorado debía ir a buscalos ao patio para subir de novo ás aulas.

O uso dos baños exteriores estará permitido para todo o alumnado. A/s persoa/s de garda desa zona controlarán o bo uso dos mesmos.

Nos días de chuvias anúlase a instrución que indicaba a permanencia en aula. O alumnado de EP utilizará libremente o pavillón. No caso do alumnado de EI utilizarán o patio cuberto.

Recreos de comedor

Tal como recolle o protocolo no comedor manteranse os grupos estables de convivencia.

Mes de maio:

Educación Infantil: a baixada para o comedor non sofre cambios, seguirán sendo acompañados ao comedor polo profesorado que imparte nesa sesión. No tempo de lecer no exterior pode utilizar libremente as zonas ata o areeiro pequeno (marcado perímetro en vermello no mapa de arriba). Ao remate do tempo de lecer as colaboradoras de garda de recreo da zona de EI colaborarán para que o alumnado entre sen aglomeracións de novo ás súas respectivas aulas.

Educación Primaria: a baixada para o patio non sofre cambios, seguirán sendo acompañados polas colaboradoras correspondentes ata a zona onde comeza o espazo de recreo de Educación Primaria. Pode utilizar libremente as zonas dende o areeiro pequeno ata a pista traseira. Dado que o pavillón agora é zona de recreo a/s persoa/s colaboradoras de garda desa zona repartiranse para facer garda no pavillón.

Cando soe o timbre para entrar no comedor o alumnado terá que organizarse en grupos estables de convivencia nas zonas que teñen habilitadas ata o de agora. Cada colaboradora asignarase ao seu grupo e acompañaraos como se viña facendo tanto para a entrada no comedor como para a subida ás aulas.

Mes de xuño:

Educación Infantil: o único cambio é que unha vez remate de xantar o alumnado usuario de comedor e transportado, sairán acompañados da colaboradora por grupos estables de xeito organizado á zona de recreo de infantil podendo mesturarse. Cando soe o timbre deberán axudar ao alumnado a colocarse nas rutas que lle correspondan. Lembrede que o profesorado de EI que imparta clase na quinta sesión da mañá ten que ir ao comedor a entregar alumnado usuario de comedor e non transportado para a súa entrega ás familias. [Os horario de entrega](#) están no plan de acollida deste curso académico.

Os días chuvia o alumnado de EI utilizarán o patio cuberto.

Educación Primaria: como neste mes non hai tempo de lecer as colaboradoras acompañarán ao alumnado ao comedor en grupo estable de convivencia onde permanecerán ata ás entregas de non transportados e incorporación ás filas de transporte de ser o caso.